

IV CONCURSO DE SOLISTAS

Curso 2025/2026

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO

Rúa do pan,s/n•Teléfono 981 70 41 00•15 100 CARBALLO - A CORUÑA

BASES

- O Conservatorio Profesional de Carballo convoca o **IV Concurso de Solistas**, co obxectivo de incentivar a motivación e as habilidades interpretativas do alumnado do noso centro.
- Poderán participar os alumnos matriculados en calquera curso do grao elemental ou profesional no presente curso académico 2025/26, agás os gañadores do 1º premio da edición anterior en calquera das categorías.
- O concurso constará de tres categorías:
 - Alumnos de grao elemental
 - Alumnos de 1º a 3º de grao profesional
 - Alumnos de 4º a 6º de grao profesional
- A inscrición realizarase no **despacho de dirección do 1º andar os días 23/02 e 02/03 en horario de 17:00 a 19:00h, e 25/02 e 04/03 en horario de 11:00 a 13:00h.**
- O concurso estará estruturado en dúas fases. Na 1ª fase cada participante presentará o seu repertorio diante dun tribunal formado por profesores do centro. Esta 1ª fase terá lugar o día **17 de marzo de 2026 ás 17:00h.**
As audicións estarán abertas ao público.
- Para participar en esta fase, os concursantes deberán presentar un repertorio que non excederá os 6 minutos de duración para o grao elemental, e os 10 minutos para o grao profesional.
- O acompañamento das obras será opcional, sendo o aspirante o que proporcione os medios físicos ou dixitais.
- O tribunal seleccionará a catro aspirantes por categoría para participar na fase final.
- Os participantes deberán presentar tres copias das obras a interpretar (solista e acompañamento). As copias das obras deberán ser entregadas xunto co impreso de inscrición.
- Na fase final, o alumnado seleccionado participará nunha audición aberta ao público na que interpretará un repertorio que non excederá os 6 minutos no grao elemental e os 10 minutos no grao profesional. O acompañamento instrumental ou dixital correrá a cargo do aspirante e **será**

obligatorio. Esta final terá lugar o **xoves 23 de abril de 2026 ás 18:00h** no Auditorio do Pazo da Cultura.

- Os participantes deberán presentar tres copias das obras a interpretar (solista e acompañamento).
- O Tribunal da fase final estará integrado por catro membros: un membro do equipo directivo, dous especialistas alleos ao centro, e o Secretario, que actuará con voz pero sen voto.
- Nas puntuacións non poderá haber máis de 3 puntos de diferenza entre os membros do tribunal. En ese caso, eliminaranse a nota máis baixa e a máis alta.
- Concederanse un 1º e 2º premio por categoría. **O 1º premio constará dunha actuación como solista** con unha das agrupacións do centro no vindeiro curso 2026/27, **así coma un cheque regalo de 100 euros** nunha tenda de música. **O 2º premio estará patrocinado pola Anpa do Cmus de Carballo**, e constará dun **cheque regalo de 50 euros**.
- O Tribunal poderá declarar deserto calquera premio se así o considera necesario. As decisións do Tribunal serán inapelables.

Carballo, 21 de xaneiro de 2026

O Director

Asdo.: Javier Bardanca